

CÓDIGO ÉTICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobado polo Claustro Universitario, o 18 de abril de 2023)

Esta proposta de Código Ético foi elaborada pola Comisión de Ética da Investigación (CETIC) da Universidade de Vigo (UVigo). Durante o período que vai desde outubro de 2022 ata decembro 2022 tivo lugar un proceso de participación aberto a toda a comunidade universitaria, durante o cal se recibiron numerosas achegas que foron valoradas e, nalgúns casos, incorporadas no texto da proposta.

MISIÓN

O presente Código Ético, de acordo co plan estratéxico 2021/2026, ten como misión contribuír á mellora da vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

VISIÓN

A Universidade de Vigo é unha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia. Persegue este reto mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento ao tecido socioeconómico e empresarial, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade galega, pluricultural e plurilingüe, na que se insire.

A UVigo pretende ser unha universidade caracterizada por un goberno transparente e participativo, centrada na satisfacción integral do estudiantado e do persoal, na captación de talento e nun maior grao de recoñecemento internacional nos ámbitos das humanidades, xurídico-social, das ciencias experimentais, das ciencias da saúde e da enxeñaría.

PREÁMBULO

A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público ao servizo da sociedade, que goza de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica, e de patrimonio propio, de acordo co artigo 1.1 dos seus Estatutos.

O obxectivo dun Código ético é ser unha guía de actuación que oriente e apoie os dereitos e as obrigacións da comunidade integrante da Universidade de Vigo no exercicio da súa liberdade e responsabilidade. Esta finalidade non pode desligarse dos principios da Universidade —autonomía, liberdade, igualdade, solidariedade, democracia, transparencia, independencia e pluralidade.—, recollidos no artigo 1.4 dos seus Estatutos, e é inseparable do respecto polas persoas e a institución, o fomento das condicións para un traballo digno e de calidade, e o compromiso, como universidade pública, cunha cultura de colaboración entre toda a comunidade que a integra. Así mesmo, a Universidade de Vigo ten un compromiso académico e social cos dereitos humanos, as institucións, os dereitos e os ideais democráticos da cidadanía, e en especial coa defensa da lingua galega, como lingua propia da Universidade e a lingua de uso normal en todas as súas actividades.

Ao Código ético está suxeita toda a comunidade da Universidade de Vigo, o persoal docente e investigador, o persoal investigador en formación, os estudantes e o persoal de administración e servizos de todos os campus, e esténdese aos ámbitos da investigación, a docencia, a aprendizaxe, a transferencia de coñecemento, a formación continua, a extensión cultural e científica, a comunicación, a xestión, a administración e os servizos, entre outros.

A necesidade deste Código recoñécese na carta europea do persoal investigador e no marco do selo HRS4R, que inciden na esixencia de que se observen as prácticas éticas recoñecidas e os principios éticos fundamentais correspondentes ás súas disciplinas, así como as normas recollidas nos diversos códigos deontolóxicos nacionais, sectoriais ou institucionais, así como nos ODS, especialmente aqueles ligados a temas éticos, como son os obxectivos 3, saúde e benestar; 4, educación de calidade; 5, igualdade de xénero; 7, enerxía asequible e non contaminante; 10, redución das desigualdades; 11, cidades e comunidades sostibles, 13, acción polo clima; 15, vida de ecosistemas terrestres; e 16, paz, xustiza e institución sólidas, para conseguir un verdadeiro desenvolvemento sostible.

Todo o persoal da UVigo debe sentirse comprometido cos principios éticos fundamentais contidos neste Código, que interesan ao conxunto da comunidade e nas actividades individuais, coincidindo cos fins estatutarios da UVigo do artigo 2, como contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na que se respecte a igualdade entre mulleres e homes, transmitir os valores superiores de convivencia, igualdade, o apoio permanente ás necesidades especiais das persoas e o fomento

do diálogo, da paz e do respecto á diversidade, e crear, desenvolver, criticar e transmitir o saber mediante unha docencia e unha investigación de excelencia e calidade.

TÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Finalidade

A Universidade de Vigo ten como obxectivo primordial conseguir unha educación superior de excelencia mediante unha docencia e investigación de calidade con vocación de liderado intelectual e cultural, así como a transferencia de coñecemento á sociedade, e coa misión fundamental da formación integral das persoas que conforman a institución. O Código Ético da Universidade de Vigo expresa os valores e estándares de conduta que deben ser coñecidos e respectados por todas as persoas que a integran, para fortalecer colectivamente a responsabilidade, exemplaridade e transparencia esixibles no desenvolvemento das misións universitarias e a xestión pública encomendada.

Artigo 2. Ética pública

O carácter como universidade pública da Universidade de Vigo implica a asunción duns estándares éticos de máximo rigor. Por iso, o Código Ético pon a súa énfase en dous aspectos: na transparencia e honradez na xestión do diñeiro público e rendición de contas por parte das persoas responsables da Universidade, así como no aproveitamento e honestidade, do estudantado que ocupa unha praza na institución.

Artigo 3. Natureza

O presente Código reviste natureza normativa, aínda que non contempla consecuencias sancionadoras ou disciplinarias, mais as condutas contrarias aos principios deste código ético -imputables a integrantes da comunidade universitaria- serán obxecto de corrección disciplinaria cando estean contempladas normativamente como infracción disciplinaria e poderán supoñer outras consecuencias que as normas correspondentes contemplan, cunha interpretación acorde a este Código Ético. O seu principal propósito é contribuír a mellorar o clima ético da Universidade de Vigo nas súas diferentes manifestacións, sendo a súa vocación prioritariamente orientadora e preventiva, de carácter transversal, enmarcada nunha política de integridade institucional e ao servizo da proxección exterior da institución.

Artigo 4. Difusión e Supervisión

A necesaria difusión deste Código Ético, que fai públicos os valores e compromisos xerais da Universidade de Vigo diante da sociedade, levarase a cabo mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, na web institucional e no Portal de Transparencia da Uvigo, ou calquera outra canle de comunicación institucional. Calquera dúbida ou denuncia con respecto ao cumprimento deste Código, dirixirase á Comisión de Convivencia e Bo Goberno, para que tome as decisións oportunas ao efecto, impulse medidas de prevención de actuacións contrarias aos principios do Código Ético, formule recomendacións e propoña melloras na aplicación destes principios.

Artigo 5. Obxectivo

O Código Ético da UVigo recolle os principios que deben guiar a conduta das persoas que integran a comunidade, así como orientar aos axentes sociais, centros ou entidades que colaboran coa Universidade no desenvolvemento das súas actividades. O obxectivo é fortalecer o compromiso ético da institución, cunha clara promoción activa polo respecto da igualdade de oportunidades, o pensamento crítico, e a diversidade, na procura dunha sociedade máis equitativa e xusta.

Artigo 6. Ámbito de aplicación

O presente Código Ético diríxese a toda a comunidade universitaria: persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e colectivo de estudantes de todos os campus, así como calquera outra persoa que participe nas actividades da nosa institución de forma ocasional ou consolidada (institutos universitarios, centros ou programas de formación docente e/ou investigadora, fundacións ou outras persoas xurídicas creadas pola Universidade, persoal adscrito contratado ou similares, así como estudantes de programas de mobilidade). Ademais, orientará as relacións da Universidade con axentes sociais, entidades, institucións e empresas externas que se relacionan ou colaboran con ela, ou lle prestan servizos.

TÍTULO SEGUNDO. PRINCIPIOS ÉTICOS FUNDAMENTAIS

Artigo 7. Liberdade académica

A liberdade académica consiste na liberdade de ensino, estudo e investigación, co obxectivo de alcanzar o coñecemento. Ten unha dobre dimensión: institucional e persoal. A dimensión institucional concrétase na autonomía da UVigo á hora de organizar o ensino e a investigación, fomentando os espazos de debate científico, para garantir a saúde democrática, e maniféstase coa facultade de determinar as

materias que configuran os plans de estudos e os seus contidos formativos. A dimensión persoal fai referencia á proxección que a liberdade académica ten sobre as persoas integrantes da súa comunidade, así como a liberdade de expresión e comunicación. En relación co profesorado, implica a liberdade de cátedra, que é o dereito de expresarse libremente na súa actividade docente; respecto aos investigadores supón o dereito á libre produción científica, técnica e humanística. En canto ao estudantado, maniféstase no dereito a decidir o proceso de aprendizaxe máis adecuado no marco da normativa académica. En relación ao persoal de administración e servizos, na liberdade de expresión, compatible co deber da responsabilidade e o respecto aos dereitos alleos, sen máis límites que os establecidos pola lexislación vixente e os estatutos da UVigo.

Artigo 8. Transparencia

A Universidade de Vigo está comprometida coa rendición de contas e a transparencia diante das persoas da comunidade universitaria, as administracións e a sociedade, entendendo a súa responsabilidade como un exercicio de bo goberno, comunicación proactiva e participación, utilizando os recursos de maneira transparente e equilibrada conxuntamente con outras obrigacións, como a seguridade e a protección de datos persoais, ademais do respecto á propiedade industrial e intelectual. Debe actuarse honestamente en todos os ámbitos de traballo, e as autoridades académicas deben estimular e recoñecer esta práctica. No caso de conflito de intereses na toma de decisións, a persoa interesada debe absterse de participar, para evitar situacións de irregularidades ou sospeitas.

Artigo 9. Integridade

A Universidade de Vigo considera a integridade como un elemento esencial, e comprométese a desenvolver os mecanismos necesarios para garantir a honestidade e a honradez na investigación, na xestión, na aprendizaxe, na docencia e na transferencia de coñecemento, con respecto absoluto da lexislación, priorizando o interese público sobre o particular. As persoas que estudan e traballan na Universidade de Vigo observarán unha conduta exemplar e responsable de acordo cos principios do presente código, actuarán como referentes persoais do seu cumprimento, e respectarán sempre o principio de propiedade intelectual, sen cometer plaxio, copia ou fraude na súa actividade de aprendizaxe, académica ou investigadora.

Artigo 10. Respecto

A convivencia universitaria debe basearse no respecto mutuo entre as persoas integrantes da comunidade universitaria nas funcións que lle son propias. Sendo a conduta pacífica e o diálogo a forma propia de relación na Universidade de Vigo, non son aceptables nas súas instalacións os actos de forza e violencia verbal ou

física que alteren ou impidan o desenvolvemento normal das actividades, os dereitos das persoas e o libre debate. Non é admisible a falta de respecto as persoas integrantes da comunidade universitaria, e de xeito especial pola súa función, á representantes do estudantado, autoridades académicas e administrativas da Universidade, xa que o menosprezo aos cargos atenta contra a súa persoa e á vez prexudica a imaxe e o funcionamento da Universidade, que depende das responsabilidades e as decisións dos seus órganos de goberno, representación e administración.

Artigo 11. Igualdade

A Universidade de Vigo defende o impulso, protección e respecto do principio de igualdade e non discriminación, e en particular o de igualdade de xénero, que debe supoñer o compromiso decidido na aplicación de perspectivas de xénero, elemento fundamental na docencia, aprendizaxe, traballo persoal, e no sistema de ciencia, innovación e investigación para favorecer a igualdade entre mulleres e homes, eixe central da nosa Institución.

A Universidade tamén defende o dereito de lesbianas, gais, bisexuais, persoas intersexuais e persoas trans a ser e mostrarse tal e como se queiran manifestar. A Universidade debe tomar as medidas necesarias para garantir o cumprimento do dereito á non discriminación, xa sexa por razón de sexo, orientación sexual, identidade de xénero, diversidade funcional, orixe, condición de racialización, crenzas relixiosas, clase social, ou situacións semellantes, así como a aceptación da pluralidade cultural, lingüística, en particular do galego. O sexismo, a misoxinia, as violencias machistas, a lesbofobia, a homofobia, a bifobia, a transfobia, o capacitismo, o idadismo, o racismo, a discriminación relixiosa ou o clasismo non deben ser tolerados baixo ningunha circunstancia na Universidade de Vigo. Do mesmo xeito, as persoas con necesidades especiais, educativas ou funcionais, recibirán da institución a atención adecuada para garantir a igualdade de trato e de oportunidades.

Artigo 12. Confidencialidade

Todas as persoas teñen dereito á privacidade e á protección de calquera información sobre a súa persoa. A Universidade de Vigo debe tratar os datos persoais sempre para fins concretos, de maneira leal, lícita e transparente, así como fomentar e garantir a privacidade, evitando difundir información persoal a terceiros sen consentimento da parte interesada. Todas as persoas da comunidade universitaria deben ter un coidado especial en respectar a confidencialidade en todas as súas actividades de aprendizaxe, polo que non se permitirá ningún tipo de gravación sen o consentimento explícito das persoas gravadas, de acordo coa normativa establecida para ese efecto, agás nos casos previstos, en presenza do

afectado, de interese lexítimo con vocación de proba nun procedemento administrativo, disciplinario ou xudicial.

Artigo 13. Calidade e excelencia

A Universidade de Vigo, así como todas as persoas que integran a comunidade universitaria, está comprometida coa consecución da excelencia e a innovación na realización de todas as súas actividades, aposta pola calidade como cultura institucional, rigor de acordo cos máis esixentes estándares vixentes na formación, na investigación e na xestión. O mérito individual na actividade científica e académica, resultado do traballo intelectual, o esforzo persoal e a honradez profesional, é un valor clave que se debe recoñecer e fomentar, especialmente nos procesos académicos de avaliación e selección.

Para conseguir unha mellora continua da súa xestión e dos seus resultados, a Universidade de Vigo obrígase á avaliación e certificación externa de carácter autónomo, nacional e internacional, que faciliten acadar a excelencia e un futuro sostible a longo prazo recoñecible pola comunidade universitaria e a sociedade en xeral.

Artigo 14. Sostibilidade

A Universidade de Vigo debe promover unha política efectiva no ámbito da sostibilidade, como tamén debe adoptar o marco apropiado para axudar a toda a comunidade universitaria a incorporar este principio na súa toma de decisións. É responsabilidade de todas as persoas da comunidade universitaria velar pola sostibilidade económica, social e ambiental das actividades que desenvolven, que deben rexerse e respectar o principio de non causar un dano significativo ás persoas ou ao medio ambiente. A Universidade debe fomentar e promover especificamente a transición ecolóxica para superar a emerxencia climática, sendo unha vía para garantir a saúde e o benestar das persoas; tamén, debe asegurar un bo uso e conservación do seu patrimonio, buscando sempre o aforro enerxético e a eficiencia.

Disposición final

O presente código ético aplicarase na Universidade de Vigo a partir do día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da Universidade de Vigo